

Tema 3. Percepción.

1. Que entendemos por percepción?

Entendemos por percepción ao proceso a través do cal captamos a realidade. O estudo da percepción remóntase á filosofía, sendo elemento central do pensamento de autores como Hume ou Kant, que afirmaban que non percibimos os obxectos tal cal son, senón tal e como estes se representan na nosa mente unha vez conclúe o proceso perceptivo.

Neste proceso interveñen varias fases: **a excitación, a transdución, a transmisión e a recepción e interpretación.**

- **Excitación:** cando recibimos e somos afectados por algún estímulo. Cando, por exemplo, percibimos visualmente algún obxecto.
- **Transdución:** cando dito estímulo se converte nun impulso eléctrico que viaxará polo noso sistema nervioso, como pode ser, por exemplo, o nervio óptico.
- **Transmisión:** o percorrido de dito impulso a través do noso sistema nervioso.
- **Recepción:** cando o impulso chega ao cerebro. O resultado é elaboración dunha resposta por parte do cerebro que denominamos **sensación**. As sensacións, como “pegadas” que os estímulos producen en nós son interpretadas polo cerebro dando lugar ás experiencias que denominamos **percepcións**. Estas son o resultado dunha interacción do suxeito cos obxectos (mundo).

2. As distintas teorías sobre a percepción.

- **O asociacionismo:** herdeira do empirismo moderno, esta teoría xa superada consideraba que as distintas sensacións asociábanse no cerebro a través dunha serie de principios ou leis (como as leis de asociación de ideas propostas por Hume: contigüidade, semellanza e causalidade) dando lugar á percepción do obxecto.
- **Teoría da Gestalt:** esta teoría considera que a percepción non é unha mera suma dos datos que recibimos e interpretamos, senón que existe un “todo” máis amplo que a “suma das partes”. É dicir, a percepción é un proceso global rexido por uns principios ou leis innatas, é dicir, que xa están dadas na mente humana: lei do fondo-figura, lei de agrupación de estímulos, etc. **Na aula virtual poderedes atopar un artigo onde aparecen as leis máis importantes desta escola explicadas a través de exemplos.**
- **O cognitivismo:** esta teoría relaciona ao proceso perceptivo con outros procesos mentais como, por exemplo, a memoria. Esta depende dunha serie de esquemas cognitivos que están na nosa mente e que adquirimos froito da aprendizaxe. A través destes esquemas interpretamos aquilo que é fonte dos estímulos cos que comeza o proceso perceptivo e este,

no seu conxunto, estará condicionado polos esquemas almacenados pola nosa memoria, imaxinación, etc.

- **A neuropsicloxía:** un enfoque marcadamente materialista que pretende explicar como o proceso perceptivo se explica a partir da actividade neural. De novo, este é un reto a resolver dentro do chamado “problema mente-cerebro”, dado o descoñecemento que aínda temos sobre o cerebro humano.

3. Os erros perceptivos.

Filósofos como Hume ou Kant xa afirmaban que non percibimos o mundo tal cal é, senón tal e como se nos presenta. Por exemplo, un can escoita unhas frecuencias de sons moito máis amplas ca nós. Isto significa que percibimos o mundo dependendo de como somos como suxeitos, non o mundo como é en si mesmo. Pero á marxe disto pode ser que un fallo nalgunha das fases do proceso perceptivo nos leve a un erro. **O resultado disto son as ilusións, os trastornos perceptivos e as alucinacións.**

- **Ilusións:** cando o que observamos e a realidade obxectiva do que percibimos non se corresponde. Por exemplo, as ilusións ópticas ou auditivas.
- **Trastornos perceptivos:** causados por algún problema no suxeito que percibe, habitualmente de carácter neurolóxico, dificultando ou incapacitando a súa capacidade para recibir un estímulo, transformalo en impulsos nerviosos, etc.
- **Alucinacións:** percepcións sen obxecto que sexa fonte de estímulos. Algunhas son de orixe fisiolóxica, cando se produce un dano físico como a amputación dun membro. O síndrome do membro pantasma sería exemplo disto último: individuos que continúan a sentir o membro que lles foi recentemente amputado. Outras poden ser producidas por un dano no sistema nervioso, infeccións ou intoxicacións. Un exemplo é o *delirium tremens* e outros síndromes de abstinencia por culpa das drogas, que leva ao individuo a ter alucinacións ópticas, acústicas, etc. Por último, poden ser tamén debidas a enfermidades como a esquizofrenia, que leva ao individuo a percibir estímulos sen que existan obxectos que os produzan.

4. Factores que inflúen na percepción.

Individualmente o nosos estado de ánimo, os nosos recordos e os conceptos aprendidos ao longo da nosa vida poden afectar ao xeito que temos de percibir a realidade. Un neno de un ano non percibe o mundo do mesmo xeito que un adulto: non identifica certos perigos a partir de certos estímulos, etc. Do mesmo xeito a vida en sociedade e o feito de ser seres culturais tamén condiciona como percibimos o mundo: prexuízos ou estereotipos condicionan a nosa percepción doutros individuos; a

nosa educación, por exemplo se estamos formados en música, condiciona a nosa percepción do son, etc.